

ENTORNO ARQUEOLÓXICO DE MONTE PENIDE - REDONDELA - PONTEVEDRA



PNOA cedido por © Instituto Geográfico Nacional de España



DATOS DE IDENTIFICACIÓN

Código GA: GA36045015

DENOMINACIÓN: Xacemento ao ar libre de Coto Fenteira

UTM29 ETRS89: 529060 4680789

WGS84: -8.647561803 42.278769540



TIPOLOXÍA DE ELEMENTO

TIPOLOGÍA: Asentamento ao aire libre

DESCRIPCIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN

CONSERVACIÓN: Malo

Antes de nada hai que ter en conta que nesta zona xa foran localizados máis restos cerámicos e líticos en traballos de prospección anteriores (R. FABREGAS-1997) polo que non cabe dúbida de que estamos ante un xacemento prehistórico ao ar libre (tampouco debe ser esquecida a presenza no contorno máis inmediato doutros xacementos arqueolóxicos significativos: varios petróglifos e un túmulo).
Establecéronse tres áreas de dispersión no S e SL da base de Coto Fenteira:

-Area 1: situada na zona S e L da explanación; trátanse dos desterres dos camiños adxacentes ao campo; rexistráronse trece fragmentos cerámicos lisos de pequeno tamaño e moi rodados; tamén o fragmento dun posible machado puído de gran tamaño (anfíbolita?) e unha peza de granito puído de forma trilobulada. Todo isto nunha área de aprox. 100 m.

-Area 2: situada na zona NNO do campo do fútbol; trátase dos desterres das pistas adxacentes ao campo e dos desmontes feitos para achandar a zona; rexistráronse seis fragmentos cerámicos lisos (un fondo) e moi rodados, nunha área de 30-40 m. lineais.

-Area 3: situada nunha pista, xunto a un pequeno coto rochoso, ao SO da explanación do campo de fútbol (a uns 150 m.) e orientada á Ría de Vigo; aquí foi localizado o material máis interesante e claramente prehistórico: un fragmento decorado de cerámica campaniforme, outra peza pertencente a un borde de labio apuntado, un terceiro fragmento liso e un posible núcleo de sílex branco (ou semellante).

Á vista dos resultados expostos, cremos que o "núcleo" principal do xacemento podería estar emprazado no pequeno esporón onde se sitúa a construción dunha vivenda en Coto Fenteira.

ÁREA ARQUEOLÓXICA
MONTE PENIDE PREHISTÓRICO

